



## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN *SERVIZO DE DESPRAZAMENTO DOS PARTICIPANTES DO PROGRAMA “VOLVER Á CASA”*, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, MEDIANTE CONCURSO E TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

### **1. CONDICIÓN XERAIS**

**1.1.-** O presente Prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente Prego de prescricións técnicas, rexerán na contratación para a realización dos servizos de referencia que, previa autorización do órgano de contratación, adxudicárase polo sistema de concurso público e procedemento aberto.

**1.2.-** En todo o non previsto nos anteriores pregos, estarase ó disposto no Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións públicas (en adiante, *TRLCAP*), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, pola súa Regulamento Xeral aprobado polo R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, e demais normativa aplicable.

**1.3.-** O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte do mesmo, non eximirá o contratista da obrigaón do seu cumprimento.

**1.4.-** O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso-administrativa nas cuestións litixiosas que puideran derivarse deste contrato de natureza administrativa.

**1.5.-** O adxudicatario obrigarase o cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social e calquera outra de carácter xeral.

### **2. OBXECTO DO CONTRATO**

**2.1.-** O obxecto do contrato é o servizo de desprazamentos dos participantes do programa “volver á casa”, convocado pola Secretaría Xeral de Emigración, dende o seu país de orixe a Galicia, e dende Galicia ao seu país de orixe.



**2.2.-** O Prego de prescricións técnicas no que se describen as características peculiares dos servizos revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

**2.3.-** O código correspondente da nomenclatura da clasificación de produtos por actividade establecido no Real Decreto 331/2003, do 14 de marzo é a seguinte:  
63.30.1 Axencias de viaxes.

### **3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E EXISTENCIA DE CRÉDITO**

**3.1.-** O importe do orzamento máximo autorizado para a contratación do desprazamento de 342 participantes é de douscentos dezanove mil euros (219.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.226.07 dos orzamentos do ano 2008. Este importe inclúe unicamente o financiamento do 60% do importe dos billetes de avión dos beneficiarios do programa, agás no caso de beneficiarios residentes en Bolivia, Cuba, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua, República Dominicana, nos que a Secretaría Xeral de Emigración aboará o 80% do custo do billete. Ademais tamén financiará a totalidade do importe do billete dos médicos ou coordinadores acompañantes dos países de procedencia (dous de Arxentina, un de Brasil, Cuba, Uruguai e Venezuela) .

O resto do importe dos billetes serán aboados polos beneficiarios directamente á entidade adxudicataria.

Queda prohibida á entidade adxudicataria percibir, dos viaxeiros, cantidades superiores ás porcentaxes establecidas no prego.

**3.2.-** A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe tódolos factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato, tendo presente, en relación co Imposto sobre o Valor Engadido, que a oferta do licitador comprende non solo o prezo dos servizos, senón tamén o importe de dito imposto.

A oferta incluirá o prezo por viaxeiro segundo o país de orixe de cada un deles.

**3.3.-** No presente contrato a determinación do prezo consistirá en un tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 202.2 do TRLCAP.



#### **4. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

A adxudicación dos servizos á que se refire o presente Prego realizarase a través do sistema de concurso público e procedemento aberto, o amparo do previsto nos artigos 73.2, 74.3, 75, 85, e 208.3 do TRLCAP.

#### **5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

**5.1-** Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, que teñan plena capacidade de obrar. En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 20 do TRLCAP.

**5.2-** A admisión á licitación requirirá a previa acreditación de la clasificación de conformidade co disposto no artigo 25.1 do TRLCAP. A estes efectos a clasificación esixida é a seguinte:

Grupo U, Subgrupo 4, Categoría D.

O artigo 15 do TRLCAP dispón que “ademais da clasificación que resulte procedente para a execución do contrato, os órganos de contratación poderán esixir aos candidatos ou licitadores, facéndoo constar nos pregos de cláusulas administrativas particulares, que completen na fase de selección e a efectos da mesma, a acreditación da súa solvencia mediante o compromiso de adscribir á execución os medios persoais e materiais suficientes para elo, que deberán concretar na súa candidatura ou oferta”. Polo que, de conformidade co establecido no devandito artigo, deberá comprometerse a contar, na prestación do servizo, co seguinte:

- Con persoal de apoio no aeroporto de saída, chegada e escala que acompañará aos beneficiarios dende o desembarco ata o novo embarque e lles proporcionará a axuda e asistencia técnica necesaria.
- Sede ou sucursal autorizada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e contar con delegación ou axencia colaboradora no país de orixe dos beneficiarios que realizará as funcións descritas no prego de prescricións técnicas.



**5.3-** Serán nulas de pleno dereito as adxudicacións de contratos a favor de persoas que carezan de capacidade de obrar ou de solvencia, e das que estean comprendidas nalgún dos supostos do artigo 20 TRLCAP. Sen prexuízo disto, o órgano de contratación poderá acordar que o empresario continúe na execución do contrato, baixo as mesmas cláusulas, polo tempo indispensable para evitar prexuízos o interese público correspondente.

**5.4-** Respecto ás empresas non españolas dos Estados membros da Comunidade Europea, estarase ó disposto no artigo 25.2 e 26 do TRLCAP e no artigo 9 do Regulamento Xeral do TRLCAP

Respecto ás empresas estranxeiras non comunitarias estarase ó disposto no artigo 23 do TRLCAP e no artigo 10 Regulamento Xeral do TRLCAP.

En canto ás unións de empresarios estarase ó disposto nos artigos 24 e 31 do TRLCAP e no 24 do Regulamento Xeral.

## **6. DA PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

### **6.1.- Forma e Prazo**

Os licitadores que desexen tomar parte neste concurso presentarán dous sobres cerrados sinalados coas letras A e B e acompañándoos dos documentos establecidos no artigo 79 do TRLCAP, e que se relacionan na cláusula 6.2.

Ós aludidos sobres presentaranse pechados, podendo estar lacrados, e entregaranse no rexistro da Secretaría Xeral de Emigración, sita na rúa Basquiños, núm. 2, 15704, Santiago de Compostela (A Coruña), en horas de oficina, ou por calquera dos medios admitidos polo artigo 80.4 do Regulamento Xeral dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación. A oficina de rexistro receptora, expedirá un recibo o que presente as proposicións, no que fará constar nome do licitador, a denominación obxecto do contrato e o día e hora da súa presentación.

A indicación de sobre A e B deberá figurar na parte superior dos mesmos, e no seus centros constará a lenda “Proposición para tomar parte na contratación, por concurso público aberto, dun servizo de desprazamento dos beneficiarios do programa “volver á casa” e asinados polo licitador ou persoa que o represente, coa indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.



Os licitadores que se encontren inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, deberán facelo constar así na parte exterior do sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

No interior de cada un dos sobres figurarán sendas follas nas que se fará constar o contido de cada un deles.

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle o órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia dos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida por dito órgano de contratación con posterioridade á data na que termina o prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

## **6.2.- Documentación Xeral (SOBRE A)**

Neste sobre figurará necesariamente a seguinte documentación:

### **a) Acreditación da personalidade.**

Empresarios individuais	-Fotocopia compulsada do DNI da persoa titular ou propietaria da empresa. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio actual.
Para persoas xurídicas españolas	-Fotocopia compulsada do CIF. -Copia autenticada ou compulsada da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil. Senón o fose, copia autenticada ou compulsada da escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.
Contratistas non españois de Estados membros da Unión Europea ou	-Acreditarán a súa inscrición no rexistro profesional ou comercial cando este



signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:	requisito se esixa pola lexislación do Estado respectivo, ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Regulamento Xeral do TRLCAP.
Contratistas de Estados non membros da Unión Europea	-Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar de domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. -Informe da Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría General de Comercio Exterior del Ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial d Comercio, sempre que se trate de contratos de contía igual oí superior á prevista no artigo 203.2 do TRLCAP ou, no caso contrario, informe de que o Estado de procedencia admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

**b) Documentación acreditada da representación.** Os que comparezan ou asinen proposicións no nome doutro, deberán presentar copia compulsada do DNI do ou dos apoderados ou documento que regulamentariamente o substitúa.

Se o licitador fose unha empresa individual, acompañarase copia autenticada ou compulsada da escritura ou poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegará copia autenticada ou compulsada da escritura de constitución da sociedade, e modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos



que se deduza dita representación. Se esta non resultase unicamente dos mesmos, presentárase ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil. Debe achegarse igualmente copia compulsada do DNI do representante da persoa xurídica.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, o correspondente poder de representación deberá ter xustificada a súa suficiencia (**bastanteo**) polo letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

**c) Declaración responsable** suscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes que non se encontran incursoas en prohibición de contratar, conforme ós artigos 15 á 20 do TRLCAP.

**d) Declaración responsable** suscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes que se encontra o corrente, no momento de presentar a súa proposición, no cumprimento das obrigacións tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia, das obrigacións coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e que consta dado de alta no Imposto de Actividades, estando o corrente no seu pago. Todo isto, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos se lle requira á empresa proposta como adxudicataria do contrato, concedéndoselle para tal efecto un prazo máximo improrrogable de 5 días hábiles a contar desde o seguinte á data de notificación de dito requirimento.

A solicitude de tal documentación por parte da Administración, non xerará ningún dereito a favor do licitador seleccionado.

**e) Garantía Provisional.-** Será de 4.380 €(2% do orzamento establecido como base de licitación) e se constituirá nalgunha das formas que prevé o artigo 35 do TRLCAP.

**f) Clasificación.-** Xustificante da clasificación esixida para esta contratación :**Grupo U, Subgrupo 4, Categoría D. Acreditar que conta con persoal que prestará o servizo de apoio nos aeroportos. Sinalar a delegación ou sucursal na Comunidade Autónoma de Galicia e a delegación ou axencia colaboradora no país de orixe dos beneficiarios.**

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, deberán acreditar a súa capacidade financeira, económica e



técnica polos medios descritos nos artigos 16 e 19 do TRLCAP, así como a súa inscrición no Rexistro ao que se refire o artigo 20, letra i) do TRLCAP, na forma que se indica a continuación:

- Os ditos licitadores deberán acreditar unha solvencia equivalente á esixida aos demais empresarios para a obtención da clasificación correspondente ao obxecto do contrato.
- Así, acreditarán a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios establecidos nos artigos 16, así como o 19 do TRLCAP, coas especificacións esixidas nos artigos 47 e seguintes do RXLCAP.

As empresas estranxeiras deberán presentar, ademais, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orden para tódalas incidencias que, de forma directa ou indirecta, puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, o foro xurisdicional estranxeiro que lle puidera corresponder o licitante.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos, que deben achegar, traducidos de forma oficial aos idiomas galegos ou castelán.

Os licitadores que se encontren inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia encontraranse exentos de presentar a documentación que obre no mesmo e que este vixente. En todo caso, debe achegarse copia do DNI do representante da persoa xurídica que presenta a solicitude.

### **6.3 Ofertas económica e técnica (SOBRE B)**

Neste sobre “B” incluírase a seguinte documentación:

#### **a) Oferta económica.**

Efectuarase para a totalidade dos servizos, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles e, en particular, o Imposto sobre o Valor Engadido.

No caso de que a duración da viaxe obrigue a pernoctar nun aeroporto de escala, entenderase incluído no prezo do billete, os gastos de aloxamento dos beneficiarios. Tamén, estarán incluído os gastos de tramitación necesarios para a saída do país dos beneficiarios procedentes de Cuba.



Serán inadmisibles as ofertas de maior contía da que figura no orzamento recollido no apartado 3.1 do presente prego.

Consideraranse incursas en presunción de temeridade aquelas empresas que presenten una proposición económica con un porcentaxe de baixa que exceda en 10 unidades, polo menos, á media aritmética dos porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas, ós efectos previstos no artigo 86.3 do TRLCAP.

**b) Contido da oferta.**

A oferta especificará:

- Prezo ofertado: Referíndose ao custo total do servizo e especificará o custo unitario de cada billete individual de ida e volta, no que estará incluídos todos os gastos de contratación, formalización e cumprimento do contrato, entre ós que a título enunciativo se encontran: taxas, cargos e impostos que sexan de aplicación, incluído o IVE, gastos financeiros, beneficios, transportes, desprazamentos, retribucións, honorarios e custes sociais de todo o persoal ó seu cargo. Dado que os prezos dos billetes poden variar entre a data de presentación das ofertas e a efectiva data de emisión, se indicarán prezos unitarios máximos para cada billete individual, e un prezo máximo para cada país segundo o número de prazas previstas.
- De se lo caso, prestacións sen custo, doutros servizos auxiliares que poidan supoñer algún tipo de vantaxe económica, social ou técnica para os beneficiarios do programa ou para a Secretaría Xeral de Emigración.
- Plan de transporte, deberá constar detalladamente a seguinte información:
  - Compañías aéreas, aeroportos de saída, escala e destino, horarios e datas de voos.
  - Prazo de emisión dos billetes, e posibilidade de realizar cambios posteriores á súa emisión, indicando no seu caso, a existencia de penalización económica.
  - Especificacións pormenorizadas dos custos por anulación de billete de saída ou cambios de data de regreso para os casos excepcionais nos que un participante poda precisalo por razóns de forza maior.
  - Condicións das prazas.
  - Entidade colaboradora en cada país de orixe e nas cidades de saída dos voos, especificando enderezo, persoa responsable da entidade e teléfono de contacto.



**6.4.- Variantes:** Non se admiten variantes.

## **7. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS**

**7.1.- A Mesa de contratación do concurso estará composta por:**

- a) Un presidente, designado polo titular do órgano de contratación.
- b) Un mínimo de catro vocais nomeados polo órgano de contratación, entre os que encontraranse un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor.
- c) Un secretario nomeado polo órgano de contratación entre funcionarios do mesmo, ou, no seu defecto, entre persoal ao seu servizo.

A Mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán á mesma sobre as cuestións das súas respectivas competencias, e por requirimento da Mesa ou por propia iniciativa, pero sen dereito a voto. Poderán pedir, sen embargo, que consten na acta as observacións que consideren preciso formular.

**7.2.-** A Mesa de contratación cualificará previamente a documentación xeral (SOBRE A) presentada en tempo e forma polos licitadores, e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un de eles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo de tres días hábiles para que o licitador os subsane.

No caso en que a Mesa de contratación considere oportuno requirir calquera tipo de aclaración sobre os documentos ou certificados presentados, poderá solicitar o empresario outros documentos, concedéndolle un prazo de cinco días naturais.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan ós criterios de selección con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeite.

Unha vez que a Mesa de contratación procedeu á realización das anteriores actuacións, o acto público de apertura das proposicións celebrarase no lugar, día e



hora previamente sinalados, axustándose na súa actuación ó disposto no artigo 83 do TRLCAP .

De conformidade co disposto no art. 87 do Regulamento Xeral, una vez determinada pola Mesa de contratación a proposición máis vantaxosa a favor da que formularase a proposta de adxudicación, invitará ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas que estimen oportunas ante o órgano de contratación, que deberán formularse por escrito no prazo de 2 días hábiles seguintes o de aquel acto. Non se procederá a celebrar esta nova sesión, no suposto de que as reunións da Mesa de contratación realícense en réxime de unidade de acto por non precisar informe técnico sobre as propostas presentadas.

Seguidamente, a Mesa de contratación elevará o acta e a proposta que corresponda o órgano de contratación, que decidirá por resolución a adxudicación do concurso no prazo máximo de 3 meses a contar desde a apertura das proposicións.

## **8. CRITERIOS OBXECTIVOS EN ORDEN Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

<p>Oferta económica: valorase en 60 puntos, segundo o seguinte procedemento,</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Calcularase a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións admitidas.</li><li>2.- Incrementarase en 10 unidades a porcentaxe calculada segundo o punto primeiro.</li><li>3.- Aplicarase a porcentaxe obtida no punto segundo sobre o orzamento de licitación.</li><li>4.- O importe de baixa obtido de acordo co cálculo do punto terceiro obterá a máxima puntuación. As restantes baixas valoraranse interpolando linealmente, tendo en conta que a oferta que coincida co tipo recibirá unha valoración de 0 puntos.</li></ol>
<p>Prestación, sen custo, doutros servizos auxiliares que poidan supoñer algún tipo de vantaxe económica, social ou técnica para os beneficiarios do programa ou para a Secretaría Xeral de Emigración: ata 15 puntos.</p>
<p>Menor número de escalas en voos e franxa horaria de saída e chegadas: ata 15 puntos.</p>



Prazo para emisión de billetes e posibilidades de cambio: ata 10 puntos.

## **9. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL**

A documentación que acompaña as proposicións quedará a disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos.

A garantía provisional será devolta inmediatamente despois da adxudicación excepto o adxudicatario que se lle cancelará una vez asinado o contrato.

## **10. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

Tal e como se establece no artigo 41 do TRLCAP, no prazo de 15 días naturais contados desde que se notifica a adxudicación do contrato, e antes da formalización do mesmo, o adxudicatario deberá acreditar, mediante a presentación do correspondente xustificante, ter constituída una garantía definitiva, polo importe do 4 % do orzamento de adxudicación, na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía y Facenda da Xunta de Galicia, mediante algunha das formas previstas no artigo 36.1 do TRLCAP.

Todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 86.3 do TRLCAP, en relación coas ofertas desproporcionadas ou temerarias.

## **11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

**11.1.-** O adxudicatario queda obrigado a subscribir dentro do prazo de trinta días naturais, contados a partir do seguinte á data de notificación da adxudicación o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, previa constitución de garantía definitiva.

**11.2.-** O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, correndo o seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.



**11.3.-** Cando, por causas imputables o contratista, non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo.

## **12. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **12.1.- Prazo de execución**

O prazo de execución do contrato será o da duración das viaxes do programa “volver á casa”, que se realizará durante os períodos comprendidos entre xuño e setembro de 2008.

### **12.2.- Penalidades por demora**

No caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables o adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.
- b) Impoñerlle o adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 95 do TRLCAP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade de aquelas.

A constitución en demora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Administración.

### **12.3.- Outras penalidades**

No caso que a empresa adxudicataria cobrase ao viaxeiro unha cantidade superior á porcentaxe prevista na cláusula 3.1 deste prego, quedará obrigada á devolución da cantidade total que debería ser aboada polo beneficiario.



#### **12.4.- Prezo e forma de pago (Revisión de prezos)**

O prezo do contrato establécese por tanto alzado e comprenderá a totalidade dos gastos que teña que facer o adxudicatario para a prestación do servizo obxecto do concurso, ata a súa recepción pola Administración, incluso a parte correspondente dos seus gastos xerais e beneficios.

Non cabe a revisión de prezos.

Para o suposto de que os billetes solicitados e emitidos polo adxudicatario non acadaran o importe de adxudicación do contrato, o pagamento efectivo comprenderá o importe total das prestacións efectivamente realizadas e xustificadas para a prestación do servizo pola empresa.

O pago ao contratista realizarase previa presentación da correspondente factura acreditativa do servizo realizado, despois da conformidade do secretario xeral de Emigración.

#### **12.5.- Gastos exixibles ao adxudicatario**

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos anuncios de licitación e de formalización do contrato. Así mesmo, serán por conta do adxudicatario, estando incluídos no orzamento ofertado, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, sen que, polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

#### **12.6.- Dirección e inspección dos traballos.**

O órgano de contratación ten facultade de exercer, dunha forma continuada e directa, a inspección dos servizos contratados, sen prexuízo de que poida confiar tales funcións de un modo complementario a calquera dos seus órganos ou representantes.

#### **12.7.- Responsabilidade do contratista.**

O contratista será responsable da calidade técnica dos servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das consecuencias derivadas da execución do contrato.



### **12.8.- Prazo de garantía.**

De conformidade co artigo 110.3 do TRLCAP, o contrato terá como prazo de garantía 3 meses.

Unha vez cumprido o obxecto do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, daráselle curso á cancelación da garantía definitiva.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar o contratista a subsanación dos mesmos.

Transcorrido o prazo de garantía sen obxeccións por parte da Administración, quedará extinguida a responsabilidade do contratista e se procederá á cancelación da garantía definitiva.

As garantías administrativas enténdense sen prexuízo dos dereitos que a normativa vixente reconece aos consumidores e usuarios en relación coa prestación deste tipo de servizos, sendo responsable a empresa adxudicataria de todos aqueles danos que puidesen causarse a estes ou a terceiras persoas como consecuencia da execución do contrato.

### **12.9.- Forma de execución**

O servizo a prestar pola empresa adxudicataria e que foi descrito anteriormente, farase suxeito ás seguintes condicións:

O contratista é responsable da organización do servizo e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 211 do texto refundido da lei de contratos.

Corresponderá a Administración os poderes de verificación e control da contrata establecidos na lei de contratos das Administracións Públicas.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir tódalas ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública del todo allea a estas relacións laborais.

O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o que terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do persoal.



O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ó cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral.

### **13. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO**

Admitirase a cesión do contrato sempre que as calidades técnicas do cedente non foran causa determinante na súa adxudicación, e que cumpran os requisitos establecidos no artigo 114.2 do TRLCAP.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial do obxecto do contrato, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 115 do TRLCAP, sempre e cando as prescricións parciais subcontratadas non excedan do 50 % do importe de adxudicación.

Os subcontratistas quedarán obrigados solo ante o contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte o órgano de contratación, con suxeición estrita ás prescricións do presente Prego, do de prescricións técnicas e ás condicións establecidas na súa oferta.

### **14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou a causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente, e de conformidade con establecido no artigo 101 do TRLCAP.

As condicións do contrato deberán formalizarse conforme ó disposto no artigo 54 do TRLCAP.

### **15. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.



### **15.1. Cumprimento e conformidade**

O contrato entenderase cumprido polo contratista canto este realizara, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

O acto de recepción obviarase dada a natureza da obriga do correspondente contrato por tratarse de actividades que se materializan nunha pluralidade de actuacións que se extinguen coa execución, todos eles suxeitos ao control permanente do órgano de contratación.

### **15.2. Resolución**

Son causas de resolución dos contratos de servizos sinaladas nos artigos 111 e 214 do TRLCAP, amén do establecido no artigo 22 do mesmo corpo legal en canto ós efectos da falta de capacidade, solvencia e das prohibicións para contratar.

Así mesmo, poderá motivar a resolución do contrato, a xuízo do órgano de contratación, as reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da execución mesma, salvo caso de forza maior. Unicamente terán a consideración de casos de forza maior os consignados no artigo 144.2 do TRLCAP.

A resolución do contrato dará dereito ó contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos servizos que efectivamente tivese realizado con arranxo ó contrato, ós que a Administración lles prestara a súa conformidade.

## **16. NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

**16.1.-** A totalidade da documentación que presente o licitador, tanto económica como técnica en xeral: poderá ser redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega. Cando se trate de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial.

**16.2.-** O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dubidas que ofrezca a súa cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e os efectos desta. Os seus acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Finalizada a vía administrativa as cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes substanciaranse ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo, de



acordo co disposto no artigo 7 do TRLCAP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, excepto que se opte, previamente, por interpor recurso de reposición potestativo ante dito órgano de contratación (arts. 116 e seguintes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2008

O secretario xeral de Emigración

Conforme  
O adxudicatario

Manuel Luis Rodríguez González



## **MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

DON/DONA .....  
 con domicilio en .....  
 C.P....., provisto do D.N.I. número ..... expedido  
 en ....., con data ....., no nome propio  
 ou en representación de ....., CIF  
 número ....., (cuxa representación acredita coa  
 escritura de poder que bastanteada en forma acompañada), sabedor da licitación por  
 (invitación, prensa, publicación oficial, pónase data do documento en cuestión)  
 ..... e das condicións e requisitos que se esixen para  
 concorrer á licitación e adxudicación do contrato de  
 .....  
 .....

**DECLARA :**

1º.- Que coñece o Prego de cláusulas administrativas e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete no nome ..... (propio ou da empresa á que representa) a cumprir o contrato con estrito suxeición ós documentos citados de acordo coa seguinte oferta :

- Prezo (en letras e números) ..... IVE incluído.

- Prazo total de execución :(expresado en anos, meses, semanas ou días, segundo proceda) ..... expresando, con todo detalle as entregas e os prazos parciais no calendario que se achega a esta proposición.

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laborais, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura